

iii Apúntate !!!
iii Participa !!!



Organiza



Patrocina



II CONCURSO "O Saber ten premio"
I.E.S. Fernando Blanco



PRAZO INSCRICIÓN:
do 29 de xaneiro ao 21 de febreiro



A II Edición do concurso “ O saber ten premio no IES Fernando Blanco” xa está en marcha.

O presente concurso ten por obxecto premiar ao grupo de estudantes que demostran maiores coñecementos e destrezas intelectuais e memorísticas nas distintas fases do concurso.

Bases do Concurso

PRIMEIRA.- PARTICIPANTES

Poderán participar todos aqueles estudantes do IES Fernando Blanco que estean interesados nel formando un equipo de 5 persoas.

Os grupos deben estar formados obrigatoriamente por:

- 2 alumnos/as de bacharelato
- 2 alumnos/as de Ciclos Formativos
- 1 alumno/a de ESO/ CUALE/ PCPI/ EPA

SEGUNDA.- PRAZO INSCRICIÓN

O prazo para anotarse no concurso abrangue dende o 29 de xaneiro ata o 21 de febreiro, ambos os dous inclusive. O alumnado que desexe participar debe pasar pola secretaría do centro para cubrir o formulario de inscrición.

TERCEIRA.- PROBAS DO CONCURSO

O concurso componse de varias probas. Os participantes deberán responder axeitadamente a unha serie de preguntas que versarán sobre as materias das ensinanzas que se imparten no IES Fernando Blanco.

Ademais, cada grupo de estudantes deberá defender e argumentar un tema proposto polo Xurado.

CUARTA.- PREMIOS

Os grupos gañadores recibirán os seguintes premios segundo a orde acadada:

- 1º premio: 600 €
- 2º premio: 400 €
- 3º premio: 300 €

QUINTA.- LUGAR E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS

As probas desenvolveranse no IES Fernando Blanco durante os meses de abril e maio. A final do concurso realizarase no mes de xuño

SEXTA.- XURADO

A selección e concesión dos premios do concurso realizarase a proposta dun xurado nomeado para tal efecto.

O Xurado constituirase e reunirse co obxecto de emitir o seu dictame ante a proba do Debate do concurso.

SÉTIMA.- GRUPO PREMIADO

Despois do desenvolvemento satisfactorio das probas do concurso, os premios concederanse aos grupos de estudantes que máis puntuación acadasen no cómputo total das probas.

OITAVA.- OUTRAS

Para máis información achegarse á secretaría do centro IES Fernando Blanco